



EDICTO Pág. 14033 Reg. 08/14035-x.

[Anterior](#)[Siguiete](#)

Aprobación definitiva do expediente de modificación da Ordenanza fiscal número 20-PP, reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio

Ó non terse presentado durante o período de exposición ó público reclamacións contra o acordo plenario de data 20 de agosto de 2008, polo que se aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 20-PP, reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, enténdese automaticamente elevado a definitivo o citado acordo, polo que en cumprimento do artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro da modificación da ordenanza xa existente, que quedará redactada do seguinte xeito:

## **ORDENANZA FISCAL 20-PP**

### **REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS , EDUCATIVOS,DEPORTIVOS E DE OCIO**

#### **Artigo 1.º Fundamento.**

De conformidade co previsto no artigo 41, en relación co 127, ámbolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislatico 2/2004, de 5 de marzo, e demais normativa concordante de aplicación este Concello establece o prezo público pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio polo Concello de Brión.

#### **Artigo 2.º Concepto.**

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe un ingreso de dereito público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten os servizos culturais, educativos, deportivos ou de ocio prestados polo Concello de Brión.

#### **Artigo 3.º Obrigados ó pagamento.**

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio

prestados polo Concello e especificados no artigo 4.º da presente ordenanza.

#### Artigo 4.º Tarifas.

4.1. O prezo público que se debe pagar ó Concello polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

##### TARIFA 1. Servicio de escolas deportivas.

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Escola deportiva de patinaxe , por alumno	40,00 €
1.2	Escola deportiva de baloncesto , por alumno	40,00 €
1.3	Escola deportiva de judo , por alumno	40,00 €
1.4	Escola deportiva de tenis , por alumno	40,00 €
1.5	Escola deportiva de futbol sala ( Pre-benxamín, Benxamín, alevín e infantil), por alumno	40,00 €
1.6	Escola deportiva de predeporte, por alumno	40,00 €
1.7	Outras escolas deportivas	40,00 €

##### TARIFA 2. Actividades deportivas para adultos.

Tarifa	Actividade deportiva	Tarifa
2.1	Pilates	80,00 €
2.2	Ximnasia de mantemento	80,00 €
2.3	Aerobic	80,00 €

No caso das actividades de Ximnasia de mantemento, pilates e aerobic permitirásese aboar a tarifa en dous prazos: un en setembro e outro en febreiro.

##### TARIFA 3. Outras actividades deportivas

Tarifa	Actividade deportiva	Tarifa
3.1	Piragüismo ata 16 anos, por alumno	10,00 €
3.2	Piragüismo a partir de 16 anos, por alumno	20,00 €
3.3	Vela ata 16 anos, por alumno	10,00 €
3.4	Deportes de aventura a partir de 16 anos , por alumno	10,00 €
3.5	Rutas de sendeirismo realizadas fora do termo municipal	6,00 €

##### TARIFA 4. Escola de música

Tarifa	Actividade cultural	Tarifa
4.1	Nivel I ( Música e movemento )	40,00 €
4.2	Nivel II ( Instrumento, linguaxe musical )	40,00 €
4.3	Nivel II ( Instrumento, linguaxe musical ) Adultos	60,00 €
4.4	Nivel III Curso 1º ( Instrumento, linguaxe musical )	40,00 €
4.5	Nivel III Curso 1º ( Instrumento, linguaxe musical ) Adultos	60,00 €
4.6	Nivel III Curso 2º, 3º, 4º, 5º e 6º ( Instrumento )	40,00 €
4.7	Nivel III Curso 2º, 3º, 4º, 5º e 6º ( Instrumento ) Adultos	60,00 €
4.8	Obradoiro coral	60,00 €

#### TARIFA 5. Escola de danza e música tradicional

Tarifa	Actividade cultural	Tarifa
5.1	Baile moderno	40,00 €
5.2	Baile galego	40,00 €
5.3	Pandeireta	40,00 €
5.4	Outras actividades de danza ou música tradicional	40,00 €

#### TARIFA 6. Outras actividades culturais

Tarifa	Actividade cultural	Tarifa
6.1	Escola de teatro	40,00 €
6.2	Xogando cós contos	40,00 €
6.3	Escola de verán	60,00 €
6.4	Obradoiros de nadal	10,00 €

#### TARIFA 7. Talleres e actividades de ocio

Tarifa	Talleres e actividades de ocio	Tarifa
7.1	Taller de manualidades	40,00 €/trimestre
7.2	Actividades acuáticas dirixidas	30,00 €/trimestre

No caso das actividades acuáticas dirixidas, se permitirá aboar aos usuarios, a tarifa por mensualidades durante o 2008. A partir do 1 de Xaneiro de 2009, tanto a tarifa do taller de manualidades como das actividades acuáticas dirixidas se aboaran por trimestre.

As cotas anteriores redúcense pola aplicación das seguintes bonificacións ou reducións :

a) Tarifa 1, Servicio de escolas deportivas : A inscrición nunha actividade das Escolas Deportivas por temporada e por alumno será de 40 euros. No caso de inscribirse en máis dunha actividade aplicarase unha bonificación do 50% na tarifa de cada unha das restantes actividades.

b) Tarifa 2 , Actividades deportivas para adultos: A inscrición nunha actividade deportiva para adultos por temporada e por alumno será de 80 euros. No caso de inscribirse en máis dunha actividade aplicarásese unha bonificación do 50% na tarifa de cada unha das restantes actividades.

c) Tarifa 4 , Escola de música : No caso de inscribirse en dous ou máis instrumentos distintos as familias aboarán o importe total da tarifa polo 1º instrumento , e polo 2º e seguintes , aplicaráselles unha bonificación do 50% na tarifa.

Tódolos membros da Asociación da Banda de Música Municipal de Brión que se inscriban nas actividades da Escola de Municipal de Música aplicaráselles unha bonificación do 100 % na tarifa da especialidade instrumental á que pertencen ,no cadro permanente da citada Asociación. Así mesmo , ós membros da Asociación da Banda de Música Municipal que se inscriban nunha segunda especialidade instrumental aplicaráselles unha bonificación do 50% na tarifa correspondente a esa segunda especialidade.

d) Tarifa 5 ,Escola de danza e música tradicional: A inscrición nunha actividade desta escola por temporada e por alumno será de 40 euros. No caso de inscribirse en máis dunha actividade aplicarásese unha bonificación do 50% na tarifa de cada unha das restantes actividades.

As familias numerosas , terán unha bonificación do 50% no segundo fillo e do 100% no terceiro e subseguintes. No caso de que o segundo fillo se inscribise nunha segunda actividade , esta bonificación do 50% non será acumulable á bonificación do 50% recollida nos apartados a, b, c e d anteriores.

A os efectos de aplica-la bonificación prevista para as familias numerosas, terá a consideración de primeiro fillo o de maior idade, e así sucesivamente.

#### 4.2 Cursos e obradoiros organizados polo Concello:

O prezo das matriculas cubrirá o 100% do custo total do curso ou actividade, segundo o estudio de custos presentado polo Departamento que corresponda na súa proposta, correspondendo ó organo competente a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizos correspondentes, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o coste do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

#### 4.3 Viaxes e excursións organizados polo Concello:

O prezo será fixado polo órgano competente de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o coste total do mesmo. Sen embargo, cando existan

razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizo correspondente, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o coste do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

#### 4.4. Campamentos e actividades de tempo libre

O prezo será fixado polo órgano competente de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o coste total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizo correspondente, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o coste do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

### **Artigo 5.º Normas de xestión.**

1. A obriga do pagamento do prezo público xurde desde que se inicia a prestación do servizo deportivo ou cultural enumerado no artigo anterior. Sen embargo, o Concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

2. O ingreso do prezo público se fará en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten conta aberta. Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público.

3. Só se procederá a devolución do importe do prezo público correspondente, cando concurra algunha das seguintes circunstancias:

1. Que por causas non imputables ó obrigado ó pagamento do prezo, non se preste o servizo por parte do Concello.

2. Que se comunique por escrito a baixa na actividade ó departamento xestor e con carácter previo o seu inicio, e esta non supoña un perxuício a outros interesados.

4. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia no caso dos particulares ós empadroados no Concello de Brión e no caso de entidades ás que teñan a súa sede social no Concello.

5. En casos excepcionais o órgano competente, previo informe dos servizos sociais, poderá acordar a exención total ou parcial das tarifas expostas.

6. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de apremio.

### **Artigo 6º. Delegación na Xunta de Goberno Local.**

No suposto de que o servizo ou actividade cultural, educativa, deportiva ou de ocio a prestar polo Concello, non se atope tarifada na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, délegase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, o establecemento da tarifa ou a actualización da mesma, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do interventor municipal.

### **Disposición transitoria**

As tarifas previstas no artigo 4º da presente ordenanza comenzarán a aplicarse no curso 2008/2009 e se manteranse en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

### **Diposición Adicional Única**

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

### **Disposición Derrogatoria única**

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal nº 20-PP, reguladora do precio público pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, publicada definitivamente no BOP nº 269 de 21/11/2008.

### **Disposición Derradeira**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello do Brión en sesión celebrada o 20 de agosto de 2.008 ( modificación ) e entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Brión, 7 de novembro de 2008.

O ALCALDE,

Asdo. José Luis García García.

Reg. 08/14035-x